

ÍNDICE DA UNIDADE:

Titulo da unidade

A barra xeral

Novo

Abrir

Gardar

Imprimir

Cortar

Copiar

Pegar

A barra ver

Desprazar

Acercar

Alonxar

Amosar todo o mapa

❑ Titulo da unidade

TEMA 12: A BARRA XERAL E A BARRA VER

❑ A barra xeral

Neste apartado estudamos a barra de ferramentas xerais do software.



❑ Novo



Permite crear un mapa novo dende o principio empezando todo o proceso de creación dun mapa novo como xa está explicado no tema 9.

❑ Abrir



Permite abrir un proxecto de mapa gardado no ordenador. Ademáis, Open Orienteering Mapper permite abrir os mapas en formato .ocd de OCAD.

❑ Gardar




Permite grabar os cambios no proxecto ou gardar o mesmo asignando o nome se é a primeira vez que o executamos.

Tema 12: A barra xeral e a barra ver.



Imprimir

Permite configurar a impresión e imprimir o mapa. Normalmente este non será o mapa final xa que carece de maquetado e de percorrido. Neste caso será a opción utilizada para realizar impresións personalizadas que me permitan facer comprobación co documento en papel sobre o terreo.



Cortar

Corta todos os obxectos seleccionados.



Copiar

Realiza unha copia dos obxectos seleccionados.



Pegar

Pega no proxecto os obxectos cortados ou copiados e polo tanto gardados no portapapeis do sistema.


Tema 12: A barra xeral e a barra ver.





Permite retroceder (ou avanzar) unha acción realizada no software con cada “clic”. Algunhas opcións de configuración do software non están asociadas a este botón e polo tanto non funcionará, por exemplo, si cambiamos a escala do mapa ou redimensionamos os símbolos...



Mostra en pantalla a rella ou cuadrícula guía para o pintado. Para configurar a rella picamos na opción correspondente e activase a xanela.



Activamos mostrar rella, aliñamos co norte magnético, establecemos as unidades e picamos en ok.



❑ A barra ver

Neste apartado estudamos a barra de ferramentas que permiten axustar a visualización do proxecto, a barra Ver.



❑ Desprazar



Co botón activado e facendo “clic” co rato en calquera lugar do espazo de traballo podemos desprazar a visualización que temos cara onde desexemos.

❑ Acercar



Facemos zum positivo sobre a zona de traballo con cada “clic”. Esta operación é máis sinxela utilizando a roda “scroll” do rato.

❑ Alonxar



Facemos zum negativo sobre a zona de traballo con cada “clic”. Esta operación é máis sinxela utilizando a roda “scroll” do rato.

❑ Amosar todo o mapa



Este botón si ten utilidade, xa que cun “clic” centramos e encadramos a visualización do mapa no centro da pantalla.

Como podemos apreciar este tema é tremendamente sinxelo pero é parte do proceso de explicación do software que temos programado.